Sprint MOTOR
www.sprintmotor.com

Audi TT 3.2 Quattro S-Tronic

• proba

>> Páx. 9

Un cupé de raza

BMW K1200 R

>> Páxs. 7 e 8

Investimentos >> Páx. 2
D. Trafico e D. Prudencio >> Páx. 4
Novas >> Páxs. 4, 5 e 6
Probas >> Páxs. 7, 8 e 9
Competición >> Páxs. 13, 14 e 15

Corredores e autovías que garantan un nivel de seguridade "altamente elevado"

Unha das apostas do Goberno galego a prol da seguridade viaria

O titular do Goberno galego, Emilio Pérez Touriño, salientou o investimento que está a realizar a Xunta na construción de viais de alta capacidade. "Estamos poñendo en marcha neste momento en Galicia un volume de investimento en viais de alta capacidade no entorno dos 1.400 millóns de euros", sinalou Pérez Touriño, asegurando que este investimento permitirá construír "por enriba dos 300 quilómetros de autovía no noso país".



O presidente da Xunta visitando as obras da autovía Santiago-Brión

Durante unha visita ás obras de construción da Autovía AG-59 entre Santiago e A Ramallosa e, posteriormente, das da Autovía Santiago-Brión, o máximo mandatario autonómico lembrou que "estamos a falar dunha ampliación decisiva da rede de alta capacidade de Galicia" que conta, igualmente, cun investimento "altamente potente".

Nesta liña, o xefe do Executivo galego incidiu en que todas estas actuacións que está a acometer a Xunta "cambian as características de deseño". Segundo manifestou Touriño, as vías rápidas "pasarán á historia" porque o Goberno galego está a construír novas autovías e corredores que garanten "un nivel de seguridade e de eficacia de prestación de servizo altamente elevado".

E todo isto, engadiu, "sen recorrer á peaxe directa pagada polos usuarios", cumprindo así a promesa adquirida ante os cidadáns de que as actuacións do Goberno galego, de maneira preferente, sexan realizadas mediante mecanismos "que cremos que son máis axustados, máis equilibrados, máis xustos e máis eficaces desde a perspectiva da prestación dos servizos e incluso do seu financiamento", indicou.

Mellora da accesibilidade, conectividade cara ás rías e transporte público. Na súa intervención, o presidente da Xunta incidiu tamén en que o Goberno que preside está a apostar por dous grandes asuntos: a accesibilidade e mobilidade nas grandes áreas do país (o contorno das grandes cidades galegas) e a conectividade cara ás rías, con infraestruturas como a Autovía do Barbanza, a Autovía do Salnés, a Autovía Vigo-Pontevedra, a Autovía Pontevedra-Vilagarcía e a Autovía da Costa da Morte. Referíndose a esta última, Pérez Touriño amosouse confiado en que "a finais de maio estaremos en condicións de poñer en marcha a Autovía da Costa da Morte, o treito Carballo-Berdoias, o máis groso e importante por vía de concesión pública", asegurou.

Referíndose ao primeiro dos aspectos, e co obxectivo posto na mellora da accesibilidade nas grandes cidades, Emilio Pérez Touriño lembrou que a Xunta está a a poñer en marcha unha política de transportes nas áreas metropolitanas que non ten que ver só coas infraestruturas, senón que tamén busca a promoción do transporte público. "Por iso estamos impulsando, dende a Consellería de Política Territorial, en colaboración cos alcaldes, políticas integrais de transporte nas áreas metropolitanas", indicou Pérez Touriño remarcando a necesidade de impulsar o transporte público nestas áreas "como a única alternativa para mellorar o tráfico e o transporte, para reducir accidentalidade, para garantir seguridade e para gañar en limpeza ecolóxica".

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.
Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo
Piaggio M500, sin carnet.
DISTRIBUIDOR OFICIAL
PIAGGIO

Talleres BASTON
MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498
Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

Mellora das vías e, polo tanto, da Seguridade Viaria compostelá

As cifras de vítimas mortais en Galicia, na pasada Semana Santa, foron positivas con respecto ao ano pasado. Deixémo-lo optimismo para máis adiante cando realmente a baixada da sinistralidade nas nosas estradas quede certificada polos datos estatísticos dun período máis amplo. Por exemplo, dun ano. A Xunta ten en marcha un Plan de Seguridade Viaria que debería ter unha grande incidencia na nosas comunidade pois abarca distintos campos e materias. Un deles corresponde ás estradas. Aquelas vías rápidas que tantos mortos engadiron ás frías cifras dos distintos estudos viarios, tenderán a desaparecer. O esforzo do Goberno actual estará centrado nos corredores e autovías que, segundo palabras do presidente da Xunta, "garantan un nivel de seguridade altamente elevado".

Dentro deste Plan a comarca compostelá contará dentro de pouco con dúas vías que darán seguridade e desconxestionarán o tráfico. Referímonos á autovía Santiago-A Ramallosa e á de Santiago-Brión. Ambas teñen unha importancia "extraordinaria" para a área metropolitana de Santiago, dado que permiten garantir unha maior accesibilidade e seguridade do tráfico e reducir o tempo de traxecto. O esforzo é importante pois estas dúas actuacións contan cun investimento de preto de 180 millóns de euros (na AG-59 investiranse 71,1 millóns de euros e na autovía Santiago-Brión 108,8 millóns). Estes dous proxectos está previsto que estean en funcionamento antes dun ano.

Así mesmo o corredor Santiago-Brión conectarase con Brión-Noia. Este xa está nunha fase avanzada para facer as expropiacións. Isto permitirá, segundo a conselleira de Política Territorial, María Xosé Caride, "apostar por unha vía de futuro preparada para o seu desdobramento no momento axeitado, cun investimento de máis de 60 millóns de euros e que ademais conectará coa variante de Noia no treito Noia-Outes". En relación a este último, Outes-Noia, María Xosé Caride anunciou que, nos vindeiros días sairá a licitación este treito, que contará cun investimento de ao redor de 20 millóns de euros.

Esta aposta pola mellora e potenciación das infraestruturas é loable, mais queda moito traballo por facer noutros aspectos da Seguridade Viaria que cremos que van lentos, moi lentos. Un luxo que non nos podemos permitir. Hai moitas vidas en xogo.

Sprint MOTOR

Editor: Arrincamos, S.L.
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Xan M. Pérez, Sevi Martínez, César Raña, Edu Lavandeira, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Ray Mosquera e Rodrigo Medina.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 •
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com
IMPRIME: Gráficas La Capital
Depósito Legal: C–138/97

NEUMATICOS PERNAS
FIRSTSTOP
VENDA • REPARACIÓN
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO
ELECTRÓNICO • LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería
LeAbranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

D. Tráfico e D. Prudencio



D. Prudencio: Os freos son unha parte moi delicada dun vehículo. Pois unha gran porcentaxe da seguridade depende deles. Que pode facer un usuario para que estes se atopen en bo uso?

D. Tráfico: Pois unha operación sinxela que pode efectuar calquera usuario é revisa-lo líquido de freos. O líquido de freos debe estar sempre ó máximo, polo que é conveniente revisalo con algunha frecuencia para comprobar que o seu nivel é óptimo. Este seguimento daráno-la alerta no caso de que exista algunha fuga.

D. Prudencio: Os forros e as pastillas tamén son moi importantes neste apartado.

D. Tráfico: Case diriamos que estes elementos que vostede mencionou son "vitais"; por iso se deben substituír antes de que se esgoten. Se así chegase a ser, rabuñan e deforman os tambores ou os discos e, ademais de non frear, estragan as superficies de fricción e obrigan a substituílas; daquela hai que facer un maior desembolso económico que non sería necesario se se fixese a substitución no seu momento.

D. Prudencio: Pódese frear cando esteamos en plena curva?

D. Tráfico: Cando esteamos dentro é mellor non frear salvo caso de extrema necesidade. Nunha situación así o ABS será unha estupenda axuda, pois este elemento de seguridade posibilita que o vehículo manteña a súa traxectoria.

Coa colaboración da: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Xunta de Galicia

O A5 visto pola fotógrafa GABO

A prestixiosa fotógrafa GABO caracterizou e fotografou o Audi A5 en Italia ao estilo dunha "road movie". O pasado 3 de abril, en vésperas da apertura do Salón do Automóbil de Nova Iork, as fascinantes fotografías do novo cupé exhibíronse por primeira vez no Audi Forum neoiorkino. Expoñíanse en cor, en branco e negro, en alta definición, en ton mate, fotos con moito gran. "Cando fotografío un coche, non me limito a inmortalizar a súa aparencia. No meu traballo intento capturar a súa personalidade ao tempo que expreso emocións", detallou a artista.

O novo cupé foi definido polo responsable do seu deseño, Walter de'Silva, como "o coche máis bonito" que deseñou. Segundo GABO, "para Walter de'Silva, deseñar un coche constitúe unha verdadeira arte. De aí que as fotos conten unha historia protagonizada pola parella Natalie Wörner e Robert Seelinger, unha "road movie" sobre coches, xantar, deseño, moda, arquitectura e a vida en Italia."

Unha nova silueta para o C4

Este vehículo lanzarase no noso país durante o último trimestre do presente ano e darase a coñecer ao gran público no próximo Salón do Automóbil de Barcelona. O C4 Sedán será presentado aos medios de comunicación españois despois do verán. A gamma española, así como os seus equipamentos e prezos, comunicaranse na devandita presentación.

Tralo éxito comercial do C4, do que se venderon máis de 530.000 unidades en todo o mundo a partir do seu lanzamento no 2004, Citroën continúa desenvolvendo a súa gamma, coa comercialización do C4 Sedán en varios países de Iberoamérica. Esta berlina, moderna e innovadora, conta coas características e as innovacións nas que se baseou o éxito do C4.

Esta terceira silueta do C4 tamén se fabrica e comercializa en China baixo o nome de C-Triomphe. Desde xuño de 2006, vendéronse máis de 30.000 unidades deste modelo nese mercado.

Kia concept KND-4

Kia presentou como primicia mundial o novo concept car KND-4 no Salón Internacional de Seúl. Deseñado para reafirmar as credenciais de Kia como marca líder no segmento 4x4 e no de vehículos recreacionales, o novo concept car é un SUV que transmite un carácter potente e activo e ao mesmo tempo chama a atención pola súa orixinalidade. Aínda que claramente é un concept car, o KND-4 é un todoterreo compacto de 4.466 milímetros de lonxitude cuns trazos principais que transmiten como poderían ser os futuros SUV compactos de Kia.

Este é o primeiro Kia que demostra unha renovada paixón pola 'Diseñoloxía' (Deseño & Tecnoloxía), un compromiso continuo en fabricar automóbiles con maior deseño e tecnoloxicamente avanzados.

BREVES

• **A ministra de Fomento,** Magdalena Álvarez, anunciou que o Goberno prevé concluír este ano coa substitución de varanda en 432 quilómetros de vía e dixo que o Plano de Adecuación dos Sistemas de Contención para a protección de motociclistas finalizará dois anos antes do previsto, no 2009.

• **Mercedes-Benz** renovará en xuño a gamma dos seus modelos da Clase E, Clase M, Clase S e Clase CL coa introdución de novos motores. Así, a Clase E contará co novo E 230, que montará un propulsor de gasolina atmosférico V6, que desenvolve unha potencia de 204 cabalos.

• **Nissan** traballa no desenvolvemento dun sistema de seguridade que ten por obxecto evitar os atropellos grazas ao uso do teléfono móbil. As investigacións céntranse no desenvolvemento dun sistema de comunicacións que permita transmitir ao vehículo a posición do viandante a través do GPS do teléfono móbil. A marca pretende que o ITS reciba a posición do peón en relación co vehículo. No caso de que se detecten riscos, o sistema avisa ao condutor mediante unha alerta, o que axuda a reducir o risco de atropelos.

• **A utilización de solucións** de navegación integrada nos vehículos permite reducir o consumo de combustible nun 15%, así como os gastos de comunicación nun 40% e axuda a diminuír as horas de condución nun 18%, segundo o estudo 'Frost & Sullivan'.

• **As vendas de motocicletas** medraron un 18% no primeiro trimestre do ano respecto ao mesmo período do 2006 e situáronse en 59.370 unidades matriculadas, segundo informou recentemente a Asociación Nacional de Empresas do sector das dúas rodas, Anesdor. A carreira ascendente das matriculacións de motos continuou o mes pasado de marzo con 25.141 unidades vendidas, o que supuxo un incremento do 14,5% respecto ao mesmo mes do ano 2006, no que se matricularon 21.949 motocicletas.

Opel Tigra TwinTop coa Moda de Mango

Opel e Mango asinaron un acordo para levar a cabo, a partir de esta primavera, unha campaña publicitaria conxunta en toda Europa. A cooperación entre ambas compañías promocionará o bipraza convertible Tigra TwinTop e a actual colección de Mango. "Cada rúa é unha pasarela, e iso é aplicable tanto ás persoas e as súas vestimentas, coma aos coches", di Olivier Danan, Director de Comunicación de Opel, explicando o concepto desta colaboración. "Hoxe máis ca nunca, os coches considéranse accesorios "chic" que deben encaixar un estilo xeral de deseño".

O deportivo bipraza con teito de aceiro retráctil con mecanismo electro-hidráulico, estará dispoñible no noso país a partir dos 17.420 euros. Os clientes que queiran combinar a condución a ceo aberto do Tigra TwinTop coas baixas emisións, poden elixir o motor ECOTEC 1.3 CDTI, que só emite 124 gr de CO_2 por km.

Audi Q7 4.2 TDI: poder soberano

O Audi Q7 acaba de recibir a mecánica diésel máis poderosa do mercado. Trátase do motor V8 de 4,2 litros pertencente á nova familia de motores en V de Audi, todo un compendio da capacidade tecnolóxica da marca en materia de propulsores diésel de inxección directa.

As superficies de escorregamento dos cilindros foron sometidas a un procedemento de bruñido a base de raios ultravioleta, consiguiéndose con iso reducir de maneira considerable tanto o consumo de aceite do propulsor como a formación de partículas na combustión.

As prestacións do Audi Q7 V8 4.2 TDI son dignas de todo un deportivo de raza, cunha aceleración de 0 a 100 km/h en só 6,4 segundos e unha velocidade máxima de 236 km/h. Iso, sen embargo, non é obstáculo para que o consumo medio se sitúe en só 11,3 litros aos 100 km.

O inicio da comercialización do Audi Q7 V8 4.2 TDI producirase a comezos de maio, cun prezo de venda ao público de 78.400 euros.

Fiat Dobló Malibú

Fiat Vehículos Comerciais amplia a súa gamma Fiat Dobló coa nova serie especial Fiat Dobló Malibú.

Esta versión se diferencia por un completo equipamento de serie e unha personalización no seu deseño exterior e interior. Dispoñendo de barras lonxitudinais cromadas, pinas de aliaxe, grella dianteira, apertura de portas, cristais escurecidos, etc. O Fiat Dobló é adecuado para os clientes que necesitan dun vehículo amplo, versátil e funcional cun estilo diferente, dende 16.105 euros para a versión de 105 CV e 16.960 euros para a versión de 120 CV (promoción e i.v.e. incluído).

I Edición da Ruta Transgalicia de quads

O Moto Club A Peroxa, en colaboración con Yamaha España e o concesionario oficial de Yamaha para a provincia de Pontevedra, Ángel Leirós, organizará do 12 ao 18 de maio a primeira edición da Ruta Turística Transgalicia 2007 para usuarios e clientes de ATV de Yamaña España, a partir de 250 cc.

A ruta comezará o sábado 12 de maio en Baiona e finalizará o venres 18 no mesmo punto. Durantes seis días, os participantes percorrerán aproximadamente 1.200 quilómetros, a práctica totalidade por pistas.

Transgalicia 2007, que con certeza acadará o prestixio das súas rutas predecesoras como a Transpiquads, Transcantábrica ou Transandalus, estará limitada a 30 quads que estarán divididas en grupos de cinco, un dos cales deberá levar un GPS para guiar ao resto dos membros.

Será unha aventura na que se combine o off-road e a navegación, e na que os participantes poderán coñecer recunchos de gran beleza paisaxística de Galicia durante seis días.

Todos aqueles interesados en participar na primeira edición da Transgalicia pódense poñer en contacto co Concesionario Oficial de Yamaha Ángel Leirós, e reencher a folla de inscrición dispoñible na páxina web: www.angeleiros.com, e enviala ao enderezo de correo electrónico: tienda@angeleiros.com antes do 30 de abril.

JR oterocaritón
RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL
Polígono Industrial del Tambre - Vía Edison, 30
T 981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) Fax 981 958 341
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.oterocariton.com

STAR
SERVICIO TÉCNICO AUTOREPARACIÓN
TALLERES DEL AUTOMÓVIL

BMW K1200 R Sport

Comodidade con boas prestacións

A marca alemá BMW preséntanos a última proposta da marca dentro do segmento das Sport-tourer, a K 1200 R Sport.

TEXTO: Ray Mosquera
FOTOS: R.Mosquera / J.Huelva

Trátase dunha moto polivalente, confortable e especialmente apropiada para conducir a velocidades de cruceiro elevadas. Así e todo, posúe características típicas dunha roadster: prestacións deportivas e postura relaxada.

Derivada da K1200R, as novidades son un semicarenado e unha serie de melloras de xestión electrónica que melloran o rendemento dos sistemas de inxección e acendido. Por outra banda, o cambio está totalmente actualizado, novo embrague, unha panca de cambio con menor percorrido e novas relacións en 2ª, 3ª e 4ª.

O avance da forquilla foi aumentado en 6mm, co propósito de mellora-las súas prestacións Á alta velocidade.

A parte ciclo é idéntica ás demais K1200. Chasis, suspensión, freos e instrumentación compárteos coa naked.

Segue na páxina seguinte...

BMW K1200 R Sport

Comodidade con boas prestacións

Vaia día para andar en moto!

En primeiro lugar, a organización non pode predicir nin controlalo tempo e teño que dicir que o departamento de BMW motos é o número un organizando eventos e probas no mundo das dúas rodas no noso país.

Desafortunadamente, persegueo unha especie de mal meteorolóxico, que fai que tódalas súas probas e presentacións sexan pasadas por auga. Sempre chove! Lembro en 2005 a presentación da novidosa K1200S en Almería, lugar no que chove 7 días ao ano. Tamén nesa ocasión ¡choveu!.

Xamais me queixei, nin sequera o mencionei. Como os nosos lectores saben, estivemos en tódalas súas probas. Ademais, sendo de onde somos, as curvas e a auga non son novidade, pero vento de 120 km/h e o asfalto cuberto de neve son o colmo para facer unha proba en moto. Ás veces un vese envolto nunhas condicións que, advirto de antemán, mellor para-la moto e agardar a que amaine o tempo, chamar á asistencia en estrada ou o que sexa.

A estas alturas e cos quilómetros que levo enriba, cada proba de BMW para min é un gozo. Sobra dicir que as motos actuais son soberbias en tódolos aspectos e a K1200R sport é unha excelente moto de estrada. A unidade de proba que levaba viña con moitos extras, que raramente aprecio e que son idóneos para estas condicións, ABS, puños calefactados, ESA(regulación electrónica da suspensión).

Pois chegou o "día". O percorrido partía de San Agustín de Guadalix e pasaba polos portos da Morcuera e Guadarrama, despois cara a El Escorial e finalizaba en Ávila. A ruta de regreso, por circunstancias obvias, alterouse e fíxose por autoestrada.

Cuns 280 quilómetros por diante, saín o primeiro e en solitario da finca Valquijancho. Un día normal na nosa terriña, sol e nubes. A estrada algo húmida e o día parecía que ía abrir. Os primeiros 60 km foron para sacar impresións. O propulsor ten unha resposta moi definida e enérxica, moi uniforme ata a zona vermella, nótanse as melloras, non hai buratos de potencia a medio réxime e recupera en

sexta dende abaixo con plenitude, (gran cantidade de par dispoñible). O cambio é suave e preciso, con esa sensación de elasticidade que dá o cardan. A suspensión dianteira (duolever) en curvas pronunciadas dá a impresión de flotar, pero queda niso, nunha sensación. Unha vez te afás ao tacto, vai de marabilla.

Ata aí todo liso e chan. Aproveito a ocasión, paro a facer unhas fotos onde está Juan Huelva o fotógrafo de BMW (quen, a pesar de moto gris, traxe negro e asfalto mollado, se amaña como un gurú), e sigo camiño.

Agora a cousa cambia, no alto da Morcuera o vento é considerable, a chuvia xa é sarabia e a pantalla do casco empeza a xearse, fago axustes en marcha, o ESA en confort, os puños calefactados a tope e con confianza, polo ABS, todo se agradece e funciona á perfección. O semicarenado cumpre o seu cometido e cun día de cans os puños calefactados e o ABS valen o seu peso en ouro.

Xa no Guadarrama o asfalto é branco. Cruzo cun quitaneves e uns metros máis arriba, adeus!! Cada vez que toco o gas, derrapaxe para un lado, para outro… os pés por patíns. En fin, xa estaba pensando no guindastre, pero non. Líbrome e, en primeira con gas constante, avanzo lento, pero seguro. No alto paro para tomar un respiro e decido baixar en segunda a punta de gas, sen lle tocar a nada, uns quilómetros que parecen interminables.

Por fin, a neve volve a ser chuvia por debaixo dos 800 metros e as condicións son "aceptables" ata El Escorial.

Camiño de Ávila vai un vento insoportable. Os 222 quilos declarados da K1200 R parecen unha pluma. Vou en cuarta, moi alto de voltas e un refacho cámbiame de carril ata o punto de ter que descolgarme como se fose en plena tumbada para volver ao meu! (que sustazo!). O vento menéame ao seu antollo. Ata en primeira ía en zig-zag! Por fin amaina, pero só o suficiente para ir en liña recta! Aguanto ata a gasolineira e paro a repostar. Unicamente me quedan 20 km para Ávila, onde estaba prevista a chegada do grupo. Ao chegar, no aparcadoiro só hai tres motos, incluída a miña, das case vinte que sairamos. Proba concluída. A K 1200 R sport e mais eu chegamos á monumental Ávila dunha peza.

Accesorios High Performance para a K 1200 R Sport

Opcionalmente hai unha serie de pezas de alta calidade elaboradas en carbono deseñadas especificamente para a K1200R sport (fotos adjuntas):

- Estribos HP.
- Recubrimento HP de carbono para o asento traseiro.
- Gardalamas HP de carbono para a roda dianteira.
- Spoiler HP do motor de carbono.
- Tapa HP de carbono para o embrague.

Ficha reducida

Tipo Motor:
.....4 cilindros 4T dohc 16V
Cilindrada: .....1.157 cc
Potencia: .....163 CV
Cambio: .....6 Velocidades
Peso: .....222 kg
Cap. Depósito: .....19 L

Opcións e Prezo
Prezo Básico:.....15.750 euros
Puños calefactados: ....224 euros
Suspensión de regulación electrónica ESA:.....781 euros
ABS integral de BMW Motorrad (integral parcial):.....1.240 euros
Sistema de control da presión dos pneumáticos RDC: .....235 euros
Ordenador de abordo:..166 euros
Pinas deportivas, con pneumático posterior de 190:.....230 euros

AD Grupo Regueira
C/ VIA EDISON, 54 - POL. DEL TAMBRE
15890 SANTIAGO (A CORUÑA)
Telf.: 981 578 066 - Fax: 981 563 090
www.adgruporegueira.es
comercial@regueira.com

Audi TT 3.2 Quattro S-Tronic

Ray Mosquera
TEXTO E FOTOS

O fabricante xermano Audi preséntanos un deportivo equilibrado, de impoñente deseño, capaz de sorprender pola súa efectividade e manexo.

O Novo TT é belo en esencia. A súa primeira versión presentada en 1998 é xa unha icona do deseño automobilístico. Agora máis longo, máis ancho e coa grella frontal redeseñada, adquire un aire musculoso, que entra polos ollos. É máis confortable e espazoso ca o seu predecesor, pero segue sen perder o seu talante deportivo e a súa imaxe irreprochable.

O interior foi redeseñado con novos elementos que inclúen tres condutos circulares no centro do salpicadeiro, novo pomo e volante "ulradeportivo", plano na súa parte inferior. Os novos asentos de maior suxección e o velocímetro dixital no centro do cadro tamén son novidade.

O espazo no posto de condución incrementouse, os asentos montáronse máis baixos, para dispoñer de máis altura útil dentro do habitáculo. A regulación electrónica do asento do condutor e o volante axustable en profundidade e altura, fan que a ergonomía mellore notablemente. A disposición e o tacto dos pedais van acordes ao estilo deportivo do conxunto e as levas na columna de dirección fan que esquezamos a panca de cambios. Tamén se melloraron as prazas traseiras e o maleteiro ten agora unha capacidade de 290 litros, que se ve case triplicada se se abaten os asentos posteriores.

Spoiler traseiro. A 120 km/h, un spoiler de accionamento eléctrico emerxe automaticamente da carrozaría, aumentando así o empurre descendente no eixe traseiro e mellorando con iso a suxección.

Ficha técnica Audi TT

MOTOR
Cilindrada (cc) 3198
Potencia max.: (CV/rpm) 250/6.300
Caixa de cambios: .....S-tronic 6 velocidades

DIMENSIÓNS (mm)
Lonxitude: 4.178
Anchura: 1.842
Altura: 1.352

PESO (KG)
En baleiro: 1.410

PRESTACIÓNS
Velocidade máxima (km/h) ..250
Aceleración 0-100 km/h (segundos): 5,7

CONSUMOS
Promedio (l/100 km): 7,7

Un cupé de raza

A unidade probada, está provista de asentos de coiro, faros de xenon e sistema de amortecemento magnético adaptativo, que a marca ofrece no seu equipo opcional.

Axilidade e efectividade

Cos sistemas de axuda á condución, que Audi aporta: programa de estabilidade (ESP), e tracción ás catro rodas quattro® o coche vai practicamente pegado ao asfalto. Ademais, o innovador método de construción ideado por Audi ASF® que, combina aluminio e aceiro, fai que a carrozaría do Audi TT gañe en seguridade, manexabilidade e lixeireza.

O seu comportamento é realmente impresionante, a dureza da suspensión pode ser molesta para o uso diario, pero o altísimo ritmo ao que pode rodar este cupé, fai que sexa necesaria.

O motor V6 3.2 dá 250 CV é moi progresivo e está equipado co Cambio S-tronic, ten unha capacidade de recuperación e resposta fulminante en tódalas súas marchas. Esta caixa secuencial de seis velocidades con dobre embrague, segue sendo do mellor do mercado. Cambia de marcha en 0,2 segundos dunha forma imperciptible.

A aposta de audi pola deportividade transfórmase nuns resultados excelentes. Á hora de sacarlle partido, a súa condución é unha auténtica delicia. O condutor fóndese co coche e as curvas abórdanse cunha seguridade sorprendente. O chasis absorbe calquera imprecisión, non se insinúa nin fai estraño ningún e as súas reaccións son en todo momento controlables.

Esta versión está xa á venda, cun prezo base de 47.330 euros.

PREZOS DE COCHES NOVOS

AUDI A3	desde	21.980 €
AUDI A3 Sportback	desde	22.830 €
AUDI A4	desde	28.800 €
AUDI A4 Avant	desde	30.100 €
AUDI CABRIO	desde	37.000 €
AUDI TT Roadster	desde	39.280 €
AUDI TT Coupé	desde	35.280 €
AUDI A6	desde	36.110 €
AUDI A6 Avant	desde	38.480 €
AUDI A6 Allroad	desde	54.570 €
AUDI Q7	desde	54.860 €
AUDI A8	desde	70.080 €

Brea Hervés
Tu concesionario Audi en Santiago
www.grupo-brea.com · e-mail:ventas@breahervas.audi.es
TEL. 981 56 97 00



IBIZA	desde	11.624 €
CORDOBA	desde	13.048 €
LEON	desde	16.530 €
ALTEA	desde	15.996 €
ALTEA XL	desde	18.665 €
TOLEDO	desde	18.995 €
ALHAMBRA	desde	23.941 €

Brea Motor
Tu concesionario Seat en Santiago
www.grupo-brea.com · e-mail:comercial@breamotor.seat.es
TEL. 981 55 26 00

FABIA	desde	11.130 €
FABIA COMBI	desde	13.100 €
FABIA SEDÁN	desde	13.100 €
ROOMSTER	desde	14.290 €
OCTAVIA TRADITION	desde	15.950 €
OCTAVIA	desde	17.300 €
OCTAVIA COMBI	desde	21.050 €
SUPERB	desde	22.140 €

Brea Automoción
Tu concesionario Skoda en Santiago
www.grupo-brea.com · e-mail: ventas@breaautomocion.skoda.es
TEL. 981 51 97 37

O consello do mes

Manteña os sentidos na estrada e non perda puntos inutilmente. A súa seguridade é o primeiro.

NESTA PÁXINA ATOPARÁ OS MELLORES PREZOS DO MERCADO DO AUTOMÓBIL

FOX	desde	10.690 €
POLO	desde	11.600 €
GOLF	desde	15.420 €
GOLF PLUS	desde	19.380 €
BEETLE	desde	20.123 €
BEETLE CABRIO	desde	24.557 €
JETTA	desde	20.080 €
PASSAT	desde	21.840 €
PASSAT VARIANT	desde	23.080 €
PHAETON	desde	67.560 €
TOURAN	desde	21.460 €
SHARAN	desde	29.940 €
TOUAREG	desde	46.083 €

Brea Hervés
VOLKSWAGEN Tu concesionario Volkswagen en Santiago
www.grupo-brea.com · e-mail:ventas@breahervas.vw-es.com
VÍA ISAAC PERAL, 8-10, POLÍGONO DEL TAMBRE · 15890 SANTIAGO
TEL. 981 55 29 00

Modelo		Prezo
147	desde	14.950
159	desde	23.900
159 SW	desde	25.770
166 JTD	desde	37.850
GT	desde	23.950
BRERA	desde	32.250
SPIDER	desde	35.450

Alfa Romeo

APV Motor
Avda. Rosalía de Castro (Milladoiro)
Teo - Santiago
Teléfono 981 53 40 57

Rali Monte-Carlo Histórico

Tempos pasados foron...

Dámoslle a benvida ós participantes do verdadeiro Rali de Monte-Carlo. Este era o recebemento dos habitantes do mítico pobo de Burzet, que aínda recordan con certa nostalxia os anos nos que o Mundial de Ralis pasaba polas súas estradas, a pesar de que en 2007 recibiron a visita do WRC despois de varias edicións sen facelo.

A aparición ocasional da neve deixa fermosas imaxes.

Xabier Figueiredo
TEXTO E FOTOS

O Automóbil Clube de Mónaco acertou coa filosofía da proba histórica cando a puxo en marcha hai xa dez anos. Basicamente o que tentaron acadar foi continuar coa verdadeira filosofía dos ralis, con percorridos longos e duros nos que apenas se pode descansar. Así a etapa de concentración segue tendo un atractivo singular, saíndo na décima edición os 320 vehículos inscritos desde Mónaco, Barcelona, Reims, Turín e Oslo, cubrindo distancias que ían dende os 2000 quilómetros que facían os que partían de Noruega ata os 800 que nos tocaba realizar a nós saíndo de España. Non foi una etapa demasiado dura a pesar de conducir durante 17 horas e estar toda a noite na estrada, xa que a ausencia de neve fixo máis doado o traxecto.

Continua na páxina 16.

Julio Álvarez recibiu os consellos de José Villalba, quen xa participara con Estanislao Reverter no Monte-Carlo de velocidade no ano 1966.

O evento percorre unha boa parte de Francia e leva ós participantes polos treitos máis míticos do Monte-Carlo de velocidade.

Aínda que non é imprescindible si resulta recomendable levar un vehículo de apoio por si xorde algún imprevisto.

Asegal ASESORES

❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil
❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia

Telefóno: 981 80 73 01 • Cacheiras s/n, 1ºA • Teo (A Coruña)

Asegal ASESORES

Educando en Galicia
as galegas e os galegos
do século XXI

galescola
rede galega de escolas infantís

29 millóns de euros de investimento e 990 novos postos de traballo
99 novas escolas públicas espalladas por todo o país
5.490 novas prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR

VIII Rali do Cocido

Madeira de campión

Centovintedous equipos, por diante unha proba de máximo coeficiente, nove treitos cronometrados e, coma sempre, moito público nas beirarrúas. Así planteábase o arrinque do galego de ralis 2007, que volvía a abri-lo pano das rivalidades na comarca do Deza.

Arranxados os problemas de suspensións, Barreiro fixo seu o rali

Chelis soubo agardar para liderar o grupo N

Pese a problemas matinais Vilariño remontou na tarde para ser segundo

Miguel Cumbraos
TEXTO E FOTOS

Centrándose de novo no autonómico, tras non confirmarse empresas maiores, Barreiro defendía o seu título nunha proba que vencera na edición precedente, marcando os mellores cronos no bucle inicial. Pero un problema de amortecedor deixaba o liderazgo en mans de Villar, co seu Escort WRC revisado e dando mostras da súa efectividade nun terreo seco pero complicado.

A mañá, formada polo dobre paso por Doade e Rodeiro, mostraba a Rico terceiro, o de Narón estreando o EVO VIII que fora de Pedro Burgo, con dous segundos de marxe sobre un inspirado Roberto Blach, o seu Subaru liderando os de serie. Unha mañá soleada, non tanto para Luis Penido (caixa de cambios) e Felix García (problemas mecánicos) que xa dixeran adeus nos primeiros compases.

Cambio de tornas

Aquelo de rivais pero amigos cumpríase cando Senra, que este ano correrá esporadicamente, prestaba a Barreiro a peza deteriorada. Auga de maio para o 306 de Cuntis que asinaba os tres scratches seguintes, recuperando a cabeza, vendo como males de diferencial e un palier rachado mandaban a Villar ó posto trinta e nove.

Con estes cambios e a vitoria final do actual campión, o segundo posto recaía en Vilariño, moi incisivo pola tarde, olvidando os problemas de reglaxes, acelerador e rodas das primeiras seccións. Rico facía súa a terceira, mentres que o diferencial eliminaba a Blach e daba a Chelis Gómez a vitoria no grupo N e o cuarto posto. Segundo entre os de serie era o ferrolán Miguel Dopico, estreando outro Subaru Impreza Sti que levaba o quinto lugar da xeral absoluta.

Lalín acollía igualmente a chegada de Pablo Pazó, sexto e primeiro no Volante RACC, precedendo a un Pablo Rey que descubría o C2 exGarre. O chantadino Rodrigo Rodríguez (Lancer EVO VI), os irmáns Pais (Saxo) e o Citroën de Rodríguez-Piris completaban a nómina dos dez primeiros clasificados.

A cita inaugural tiña no seu parque pechado final un total de oitenta e un equipos. Entre eles estaban Pazos-Bargo, primeiros na Driver Senior, Grandal-Ameneiros, liderando a Junior, e Rodríguez-Teijeiro, sendo os vencedores no recén creado Trofeo Montes Motor-GT2i.

Rali de Portugal 2007

Loeb, o Algarve, a terra, Bamarti...

Un cóctel singular no retorno da cita mundialista a carón dos grandes. De como Loeb venceu con maestría ou como o noso campión galego fíxo realidade o seu soño. Algarve, terra e afección, que agora resumimos.

Unha reportaxe de Miguel Cumbraos • Fotos: Sprint Motor e MC Fotos (Carlos Núñez)

Bamarti: Un galego en Portugal

"Tiña a impresión de estar correndo na casa"

Finais de outubro 2006 na Baixa Limia ourensá. O piloto de Cuntis José Miguel Martínez Barreiro faise co título galego. Para el e o seu equipo empézase a facer realidade un sono: participar nunha proba mundialista, en concreto en Portugal, que retornaba á máxima categoría, á postre a cita máis perto de Galicia.

"Foi posible grazas ó esforzo e o traballo de todos. Fíxose realidade un sono e con estar na saída en Faro xa era para nós toda unha vitoria" sinalaba ledo o campión galego de ralis unha vez concluída a carreira lusa.

Coa única experiencia do Rali da Gudiña 2005 como proba sobre terra, o piloto de Cuntis afrontou a carreira mundialista optando por unha marca que coñecía, aínda que cun vehículo máis evolucionado. " Alquilamos un Mitsubishi Lancer EVO VII a Fernando Peres, piloto portugués con moita experiencia, que xestiona "Peres Competición". O coche tiña caixa e freos de serie e pertenecía o grupo N. A medida que o ía coñecendo dinme conta que xa necesitaba máis potencia, que non me chegaban os cabalos que desenvolvía" valoraba o de Cuntis.

O Mitsubishi Evo VIII comportouse axeitadamente nas especiais lusas

Facendo gala da súa dureza o Portugal do 2007, esta vez estruturado na rexión do Algarve e tendo como epicentro a vila de Faro, non escapou desa característica como ben se decatou o noso representante. "O rali en si era moi bonito, con especiais de gran dureza, sobre todo o primeiro día, onde había que rodar con moito coidado para non rompe-lo coche, o que ocasionou moitas baixas. Outra cousa que me limitou foi o pouco tempo dispoñible para recoñece-las cronometradas, menos aínda para nós pois picamos ó pouco de iniciarnos" afirmaba Barreiro.

Vintenove na xeral e noveno entre os de serie, "Bamarti" estaba moi satisfeito do seu estreo nunha carreira do mundial. "Cando comezamos a primeira etapa non me podía nin imaxinar rematar onde o fixemos, tendo en conta a inscrición existente e a competencia que había".

A proba mundialista máis preto de Galicia, pese a non estares tanto como antes, volveu a ser seguida por milleiros de espectadores, o que sorprendeu gratamente ó noso piloto. " Foi a sorprensa máis grande da proba. Íamos polos treitos vendo bandeiras españolas, galegas, asturianas, escoitando bucinas, vendo o apoio da afección. Daba a impresión de estar correndo un rali na nosa terra" resumía.

Barreiro, Campos e todo o seu equipo fixeron realidade un sono ó alcance de poucos

Para unha mellor seguridade viaria

Revise as luces do seu vehículo

R'AUTOMÓVILES
Mantemento integral do automóbil
San Marcos, 72
15890 - Santiago
Tfno.: 981 052 187
Móvil: 646 531 942

Copas AUTO-ESCOLA
FACEMOS CAMIÑO ENSINANDO A PERCORRELO
Hórreo nº 23 Santiago de Chile, 34
Telf: 981 56 22 11 Telf: 981 59 58 59
SANTIAGO DE COMPOSTELA

moto 93
ESPECIALISTAS EN MOTOS DE TRIAL

VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS, SCOOTERS Y CICLOMOTORES
CEPEDA - OZA (TEO)
981 80 70 27 * 696 93 62 72 (MÓVIL)

O resumo

Líder outra vez

A volta de Portugal ó Mundial de ralis tivo un nome propio no eido dos pilotos. Estamos a falar do campión do mundo en título, o francés Sébastien Loeb. O piloto de Citroën fixo súa a proba dende a primeira etapa, pese ó empurre de Gronholm. E na segunda e na terceira deu unha demostración de pilotaxe, que lle permitiu acada-lo seu 31º triunfo absoluto nesta modalidade e volver a lidera-la xeral provisional.

Terceira vitoria do ano para Sébastien Loeb e Daniel Elena

Os outros dous chanzos do pódio luso deberían ser para os Focus do citado Gronholm e do finés Hirvonen, pero unha ulterior penalización polo grosor dos cristais dianteiros mandounos ós postos cuarto e quinto respectivamente. Deste xeito Daniel Sordo e Marc Martí, co segundo Citroën oficial, acadaban un inesperado pódio, o sexto da súa carreira deportiva, un posto por debaixo do Subaru de Peter Solberg, de menos a máis clasificándose segundo.

A cita portuguesa, disputada na turística rexión do Algarve, pechou unha lista de sesenta e un equipos clasificados. O Impreza de Flodin-Ardesson foi o mellor do grupo N. mentres que o Junior era cousa do Suzuki de Andersson-Andersson. A honra de se-lo mellor equipo estatal na chegada correspondeu o Peugeot 207 S2000 de Magalhaes-Grave.

Sen contar a Sordo e a Martínez Barreiro, na saída da proba había catro equipos españois máis, que tiveron distinta fortuna. Por unha banda Manuel Rueda, sexto no JWRC, e Eduard Pons, quinto entre os de serie. Por outra, Alex Villanueva, retrasado por moitos atrancos, e Joan Riberas, eliminado o derradeiro día de competición.

A penalización dos Ford permitíulle a Sordo subirse ó pódio

De menos a máis Solberg situouse entre os C4

Parque pechado

Por Miguel Cumbraos

O retorno dun clásico

Pistas forestais rotas por doquier. Ringleiras de espectadores enchendo as dúas marxes. Lugareños amables, sabedores da importancia dun evento deste tipo para a difusión dun país. Espectáculo por todo o alto, fosen grupos 1, 2, 4, B, N ou A.

Así definíase o Rali de Portugal, o "melhor rali do mundo". Proba señera, percorrendo a variable xeografía lusa, situando na historia dos ralis nomes como Peninha, Figueiró dos Viños, San Lourenço o Arganil. Facendo realidade o esforzo polo que tanto loitou o malogrado César Torres.

Volveu unha cita clásica, afastada dende uns cantos anos por razóns varias, entre elas o apartado da seguridade. O fixo en olor de multitudes, cos actuais donos da modalidade brindando un espectáculo sen límites. Retornou limitándose desta volta ó turístico enclave do Algarve, onde tamén os camiños de terra eran duros, difíciles e selectivos. Tan só agardamos que sexa por moitos anos máis, que a tradición deste rali tan singular teña a merecida continuidade.

A ACTUALIDADE DO MOTOR

Tódolos dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida ou rexistrada por ningún medio mecánico ou electrónico sen o permiso previo, e por escrito, da Editorial.

Redacción e administración:
URBANIZACIÓN SAN SADURNIÑO, RÚA B, Nº 21
TEO (A CORUÑA).
Teléfono 981 801 458

Sprint MOTOR

Rali Monte-Carlo Histórico
Tempos pasados foron...

Vén da páxina 11.

En St. Etienne reuníanse tódolos vehículos procedentes do resto de Europa, sendo a cidade gala o punto de inicio da regularidade, que nos levaba a percorrer os treitos máis míticos do Rali Monte-Carlo coma St. Jean en Royans, Burzet ou a noite do Turini. O evento mantiña o esquema habitual das etapas de clasificación, a común e a final, que remataban en lugares con tanta tradición como Valence, Briançon ou Monte-Carlo, por suposto.

Por outra banda o percorrido é dunha beleza impresionante, atravesando Francia para logo ir descendendo pouco a pouco ata toparse cos Alpes Marítimos, onde se desenvolve a etapa final baixo a maxia da noite e a dificultade do xeo, xa que a neve apenas estivo presente. Son cinco xornadas fantásticas sen descanso, pero se che gustan os clásicos e os ralis é aconsellable facelo unha vez na vida. Nesta ocasión tivemos tamén a oportunidade de dar unhas voltas no circuito de xeo de Serre Chevalier e nunha parte do trazado da Fórmula 1 de Mónaco. O final do evento é unha festa para os participantes que conseguen completa-lo percorrido, sen importarlle demasiado a clasificación. Xa só resta a cea de gala no Sporting Clube de Mónaco e despedirnos a ata o ano que vén.

O xeo complicou moito a conducción xa que non levabamos pneumáticos de cravos.

A saída de Barcelona foi un espectáculo. Por diante tiñamos 800 km na etapa de concentración ata St. Etienne.

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

GETZ 1.5 CRDI GL 5P 88 CV	**DICIEMBRE 2005**	**KM 0**	**10.500**
TUCSON 2.0 CRDI STYLE 112 CV	DICIEMBRE 2005	KM 0	22.500
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 112 CV	**DICIEMBRE 2004**		**19.000**
ACCENT 1.5 GLS 5P 102 CV	AÑO 2004		7.000
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 COMFORT 125 CV	**AÑO 2006**	**KM 0**	**24.500**

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO